



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que os días 21,22 e 26 de novembro terán lugar en Outeiro de Rei unhas **“XORNADAS DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO FORESTAL”** dirixidas a propietarios de terreos forestais, madeireiros, emprendedores ou persoas con inquietudes neste sector.

Con estas xornadas pretendese achegar ás persoas asistentes ao mundo das cooperativas forestais co obxectivo de acadar un maior aproveitamento e coidado do monte. Tamén propiciarase o coñecemento de experiencias cooperativas (a programación inclúe a visita á Asociación Cooperativa Forestal SAT TRABADA, emprazada en Trabada).

As xornadas son totalmente gratuítas para as persoas empadroadas en Outeiro de Rei, establecéndose un límite de 50 prazas para as persoas que queiran asistir á visita da cooperativa. , prazas que serán cubertas por rigorosa orde de solicitude. Para participar é imprescindible a previa inscrición , o prazo está aberto ata o día 16/11/07.

Pódese acadar máis información no teléf.: 982 393 408

Igualmente informase que **amplíouse o prazo para a recollida de fotografías tamaño carné ata o día 22/11/07**. Estas fotografías serán utilizadas (sempre que haxa suficientes) na realización dun mosaico que se situará no Salón de Plenos do Concello.

Outeiro de Rei, 25 de outubro de 2007.

O Alcalde,